

Expediente IET: P-21-116
Proxecto: Parque eólico Castro Valente
Concello: Padrón (A Coruña) e A Estrada (Pontevedra)
Promotor: Iberdrola Renovables Galicia, S.A

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 12/04/2022 o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto do Parque eólico Castro Valente.

1. Antecedentes:

Con datas do 16/04/2021 e do 08/11/2021 o Instituto de Estudos do Territorio emitiu informes sobre este proxecto, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. No segundo informe indicábase que o contido do EIIP debía emendarse e completarse para a súa adaptación á Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe e ao Regulamento da Lei 7/2008, ao tempo que se concluíu que as análises do impacto e as medidas preventivas e correctoras non resultaban axustadas á entidade do proxecto, e indicábanse criterios e recomendacións para o axuste das citadas medidas.

Posteriormente, con data 27/12/2021, o IET emite un novo informe sobre o EIIP modificado no que se reiteran as cuestións sinaladas sobre o acabado da subestación, as pantallas vexetais e o impacto sobre o Castro Valente.

Por último, con data 14/03/2022, o IET emite outro informe sobre o escrito de contestación remitido pola empresa promotora no que se indicaba a corrección formal do EIIP se ben se indicaba que se debería incluír no mesmo o contido do escrito de contestación.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.



3. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

A documentación achegada polo Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética consiste nunha addenda ao EsIA (abril 2022) na que se inclúen as respectivas addendas á memoria de impacto sobre patrimonio cultural, ao EIIP e ao anteproxecto de restauración.

Esas addendas conteñen as imaxes e xustificacións levadas a cabo no mencionado escrito de contestación de febreiro de 2022. Se ben compre emendar a errata detectada na imaxe 6 do apartado 4.2.1.1, na que era visible un aeroxerador no escrito de contestación, mentres que agora xa non aparece ningunha máquina.

Non se produce ningún cambio no deseño das instalacións do parque, polo que os seus efectos sobre a paisaxe serán os que xa se valoraron en anteriores informes.

4. Conclusión:

No relacionado co contido do EIIP, como xa se indicou no anterior informe, pode considerarse completo segundo o disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

O principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual dos aeroxeradores, que pola súa forma e altura serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará durante todo o tempo en que estean instalados os aeroxeradores, e verase incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Neste caso, entre as zonas afectadas pola incidencia visual cabe destacar o Castro Valente, para o cal, dada a temporalidade das plantacións forestais relacionada co seu ciclo produtivo, e a incompatibilidade das pantallas de vexetación autóctona cos valores panorámicos do mesmo, non se poden considerar estas como medidas correctoras. Con todo, esta incidencia visual non supón un impacto paisaxístico crítico, sen prexuízo do que determine, no seu caso, o órgano competente en materia de patrimonio cultural.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto as medidas de integración paisaxística, como é a de creación de barreiras vexetais.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

